



ROF		
EXPEDIENTE	Sesión do Pleno do Concello 26.10.2015	Ref. 13/2015
TRÁMITE	Acta	

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26 DE OUTUBRO DE 2015

No Salón de actos do Pazo de Mos, sendo as 10:00 horas do día 26 de outubro de 2015, reúnese o Pleno deste Concello, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde en funcións, D. Alberto Méndez Lago, có fin de celebrar sesión segundo a orde do día fixado por Resolución da Alcaldía e notificado aos Srs. Concelleiros.

Asisten os seguintes Srs. Concelleiros:

Polo grupo municipal P.P.:

D. Óscar Soto Abadín
D^a. Julia Loureiro Campo
D. José Luis Alonso Seijo
D^a. M^a Raquel Monzón Otero
D. Cándido Pérez Rodríguez
D^a. Sara M^a Cebreiro Alonso
D. Camilo Augusto Martínez

Polo grupo municipal de Gañamos:

D. Francisco Vázquez Troitiño
D. Roberto Carlos Rodríguez Dasilva
D^a. M^a Aurora Giráldez Leirós

Polo grupo municipal PSdG-PSOE:

D^a. Patricia Pérez Ucha
D. Emilio Muñíos Pumar

Polo grupo municipal B.N.G.:

D. Miguel Anxo Aldea Moscoso

Secretario accidental,

Víctor Rodríguez Pérez

Interventor,

Sergio Rodríguez Pérez

Ausentes

D^a. Nidia M^a Arévalo Gómez
D. Miguel Angel Rodríguez Alonso

D. Alfonso Parada Fernández

1. Aprobación do borrador da acta da sesión anterior (28 de setembro).

Iníciase a sesión someténdose á aprobación dos membros corporativos, a acta da sesión celebrada con data 28 de setembro de 2015, ao abeiro do sinalado no artigo 91.1º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e preguntado pola Presidencia si hai alegacións, interven o Sr. Muíños Pumar e di que en Rogos e Preguntas, na paxina 30, sobre o alumeado do polígono de Veigadaña no que este apagado senón que sigue apagado.

Con esta corrección a acta do 28 de setembro resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

2. Ordenanza reguladora do estacionamento con horario limitado-gratuito, zona azul

Dáse conta que o asunto foi ditaminado pola Comisión informativa de Facenda e Contratación, do día de 22 de outubro de 2015.

Comeza a quenda de intervención o Sr. Rodríguez Dasilva dicindo que o seu grupo vaise abster porque aínda que están de acordo con limitar o estacionamento pero pensan que hai outras cousas que solventar antes como é a retirada do tráfico pesado do centro de Puxeiros e habilitar unha zona de carga e descarga.

A Sra. Pérez Ucha di que votarán a favor xa que son conscientes dos problemas que teñen os veciños para acudir aos distintos servizos que hai na zona.

O Sr. Aldea Moscoso pregunta si falaron coa asociación de veciños de Puxeiros.
Responde o Alcalde en funcións, que si.

Continua a súa intervención dicindo que é un pouco reticente a esas normas porque en calquer momento pódese poñer de pago, sempre se pode aparcar un pouquiño mais lonxe, que se vai abster.

Tras o debate, sometese a votación o acordo a votación ordinaria, e por maioría de 8 votos a favor do grupo municipal do Partido Popular e do P.S.deG.-P.S.O.E (2) e abstención do grupo municipal GañaMos (3) e do B.N.G. (1), sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal reguladora do estacionamento con horario limitado-gratuito, zona azul.

ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO CON HORARIO LIMITADO -

GRATUÍTO, ZONA AZUL.

Artigo 1. De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, de 2 de abril e das disposicións contidas no Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei Sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, así como o Real Decreto 1398/1993 de 4 de agosto que aproba o Regulamento do Exercicio da Potestade Sancionadora, dítase a presente ordenanza que ten por obxecto regulalo estacionamento limitado e gratuíto, (Zona Azul).

Artigo 2. Considerando que a ocupación da vía pública mediante o estacionamento de vehículos, supón o uso dun ben escaso, que debe ser repartido, en virtude das facultades que se recoñecen ás Administracións Locais no artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local e no artigo 7 do texto articulado da Lei Sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, créase o "Servizo de Zona Azul", que pretende acadar o acceso igualitario e limitado a tódolos/as condutores/as ao estacionamento nas zonas onde este ben é especialmente escaso.

Artigo 3. Os estacionamentos regulados e con horario limitado, que existirán naquelas rúas e zonas habilitadas e sinalizadas para tal efecto, e que se determinarán por medio dun acordo plenario, que en todo caso deberán coexistir cos de libre utilización, someteranse ás seguintes determinacións:

- a. O estacionamento efectuarase mediante disco comprobante do horario, que indicará a franxa horaria na que está permitido o mesmo (Ver Anexo I).*
- b. O condutor/a do vehículo está obrigado a colocalo disco horario na parte interna do parabrisas dianteiro do vehículo, de xeito que permita a súa visibilidade total dende o exterior*
- c. O período máximo de permanencia dun vehículo en Zona Azul será de unha hora e trinta minutos.*
- d. Quedan excluídos desta limitación os vehículos de protección civil, bombeiros, ambulancias e persoal sanitario en servizo de urxencia, así como as forzas e corpos de seguridade en acto de servizo.*
- e. Unha vez transcorrido o tempo máximo de utilización, o vehículo deberá abandonalo estacionamento e non poderá volver a estacionar na mesma rúa ou praza ata transcorrido un período de dúas horas.*
- f. O horario de limitación comprenderá dende as 09:00 horas a 14:00 horas e de 16:00 horas a 20:00 horas de luns a venres, e de 09:00 horas a 13:00 horas os sábados. Agás os domingos e festivos, nos que non haberá limitación. (Ver Anexo IV)*
- g. Despois de sinalala hora de chegada no disco horario, non se poderá modificar ata que o vehículo abandone o estacionamento en Zona Azul.*

Artigo 4. Non poderán estacionar en Zona Azul:

- a. Os vehículos de PMA superiores a 3.500 Qgs., salvo autorización expresa.*

- b. Os ciclos, ciclomotores e motocicletas.*
- c. Os vehículos que realicen operacións de carga e descarga.*

Artigo 5. Constituirán infraccións leves desta modalidade de estacionamento:

- a. Sobrepasalo límite horario indicado no comprobante ou disco, nun período inferior ou igual a 30 minutos.*
- b. Estacionar de novo o vehículo na mesma rúa ou praza antes de transcorrer dúas horas contadas dende a hora de chegada.*
- c. Ocupar dúas prazas de estacionamento ou non axustarse ao espazo marcado para o vehículo.*

Artigo 6. Constituirán infraccións graves desta modalidade de estacionamento:

- a. Sobrepasalo límite horario indicado no comprobante ou disco, nun período superior a 30 minutos.*
- b. Modificala hora de chegada despois do estacionamento.*
- c. A falta de disco comprobante do horario ou colocalo mesmo de xeito que non permita a comprobación do seu contido.*
- d. O estacionamento na Zona Azul dos vehículos que o teñen expresamente prohibido.*

Artigo 7. As infraccións tipificadas como LEVES serán sancionadas cunha contía de “Sesenta euros (60€)” e as sinaladas como GRAVES cunha contía de “Oitenta euros (80€)”

As devanditas sancións reduciranse nun 50% si se fixera efectivo o pago durante os 20 días naturais seguintes a aquel no que teña lugar a notificación da denuncia.

Artigo 8. Sen prexuízo da correspondente denuncia a Administración Local poderá adoptar, nos supostos e infraccións previstas na presente ordenanza, as seguintes medidas cautelares:

- a. A inmovilización do vehículo en tanto que non se identifique ao condutor.*
- b. A retirada do vehículo da vía pública e o seu traslado ó Depósito Municipal ou lugar establecido ao efecto.*
- c. Esixiranse á persoa que pida a devolución do vehículo os gastos que supoñen a inmovilización, o traslado e o depósito, segundo proceda.*

ANEXO I. MODELO DO DISCO COMPROBANTE DO HORARIO.

Tamaño: 11 x 11 centímetros

Materiais: aluminio, plástico ou cartolina.

Cor: Poderá realizarse en varias cores, sempre que os recadros destinados á hora sexan perfectamente visibles, con fondo branco e caracteres de cor azul, negro ou vermello.

ANEXO II. SINALIZACIÓN VERTICAL E HORIZONTAL EN ZONAS AZUIS.



1. *Sinalización vertical:*

- a. *Tódalas zonas afectadas polo estacionamento limitado - gratuíto estarán indicadas pola sinalización R-309, de estacionamento limitado.*
- b. *O sinal R-309 levará un panel complementario onde se indicará o tempo máximo de estacionamento permitido e mais o horario durante o cal rexen as medidas de limitación para os estacionamentos.*

2. *Sinalización horizontal:*

- a. *Os espazos afectados polo estacionamento limitado - gratuíto estarán sinalizados, de xeito horizontal, mediante liñas descontinuas de cor azul.*

ANEXO III. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

As vías afectadas polo estacionamento de horario limitado - gratuíto son as seguintes:

- *Avenida de Puxeiros, parroquia de Tameiga.*
- *Avenida de Sanguñeda, parroquia de Sanguñeda.*

Facúltase ao Alcalde para que a través dun Bando aplique a mesma noutras zonas e horarios.

ANEXO IV. TÁBOA DAS FRANXAS HORARIAS DO ESTACIONAMENTO LIMITADO - GRATUÍTO

<i>HORA DE CHEGADA</i>	<i>HORA DE SAÍDA</i>
<i>Entre as 09:00 e as 09:30 horas</i>	<i>Ata as 10:30 horas</i>
<i>Entre as 09:30 e as 10:00 horas</i>	<i>Ata as 11:00 horas</i>
<i>Entre as 10:00 e as 10:30 horas</i>	<i>Ata as 11:30 horas</i>
<i>Entre as 10:30 e as 11:00 horas</i>	<i>Ata as 12:00 horas</i>
<i>Entre as 11:00 e as 11:30 horas</i>	<i>Ata as 12:30 horas</i>
<i>Entre as 11:30 e as 12:00 horas</i>	<i>Ata as 13:00 horas</i>
<i>Entre as 12:00 e as 12:30 horas</i>	<i>Ata as 13:30 horas</i>
<i>Entre as 12:30 e as 13:00 horas</i>	<i>Ata as 14:00 horas</i>
<i>Entre as 16:00 e as 16:30 horas</i>	<i>Ata as 17:30 horas</i>
<i>Entre as 16:30 e as 17:00 horas</i>	<i>Ata as 18:00 horas</i>
<i>Entre as 17:00 e as 17:30 horas</i>	<i>Ata as 18:30 horas</i>
<i>Entre as 17:30 e as 18:00 horas</i>	<i>Ata as 19:00 horas</i>
<i>Entre as 18:00 e as 18:30 horas</i>	<i>Ata as 19:30 horas.</i>
<i>Entre as 18:30 e as 19:00 horas</i>	<i>Ata as 20:00 horas</i>

Segundo.- Someter a referida Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias. De non presentarse reclamacións, a Ordenanza se considerará aprobada definitivamente de forma automática.

3. Solicitude de reposición praza de policía local

Dáse conta que o asunto foi ditaminado pola Comisión informativa Facenda e contratación do 22 de outubro de 2015.

Non habendo intervencións, sometese a votación e resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes da corporación a seguinte proposta:

Solicitar ao Ministerio de Hacienda, Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local Subdirección General de Relaciones Financeiras con Entidades locais, a reposición dunha praza vacante de policía local do Concello de Mos.

4. Declaración de obra de interese social do expediente ICIO num. U.L. 38/15, ampliación de baixo cuberta para roupeiro social na Subida ao Lavadeiro nº43, Regadas, parroquia de Mos.

Dáse conta que o asunto foi ditaminado pola Comisión informativa Facenda e contratación do 22 de outubro de 2015.

O Sr. Vázquez Troitiño di que o se grupo vai votar a favor xa que hai un escrito da titular da licenza polo que se compromete a manter a actividade durante cinco anos o que lle parece un compromiso serio.

Tras manifestar o resto dos grupos municipais o apoio a proposta, por tratarse dunha actividade de interese social; sometese a votación a proposta e, por unanimidade dos membros presentes da corporación o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Único.- A bonificación na liquidación do imposto sería pola cantidade de 659,76 € (95% s/694,48 €, importe da liquidación de I.C.I.O, expte. U.L. 38/15), tendo que pagar a cantidade de 34,72 €.

5. Conta Xeral 2014

Explica o Secretario que foi ditaminada pola Comisión informativa de Facenda e contratación, de 28 de agosto de 2015 e exposta ao público non habendo alegacións.

A Sra. Pérez Ucha di que o seu grupo se vai a abster porque non se vota en que se invertiu senón meras citas contables, en todo caso remitirán a súa postura do mal ou bo uso na liquidación de contas.

O Sr. Aldea Moscoso manifesta que comparte o dito pola Sra. Pérez Ucha e ademais que todo o que emane dos orzamentos do Concello votaran en contra.

Non habendo máis intervencións o Sr. Presidente, somete o acordo a votación ordinaria, e por maioría dos 8 membros do grupo municipal do P.P. e cos votos en contra do grupo Gañamos (3) e B.N.G. (1), e coa abstención do P.S.deG.-P.S.O.E (2) o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Aprobar a Conta Xeral do Concello correspondente ao exercizo 2014

6. Proposta do grupo municipal do B.N.G. relativa ao estudo sobre transporte urbano de viaxeiros en Mos.

Primeiramente votase a inclusión na orde do día deste punto o que resulta aprobado por unanimidade.

A continuación o Sr. Aldea Moscoso expón a súa proposta, que o documento se leve a unha mesa de traballo con tódolos partidos que cada un leve o experto que considere oportuno.

O Sr. Augusto Martínez di que o grupo do P.P. teñen moi avanzado o seu Plan e presentado en Mobilidade da Xunta pero que acollen a súa proposta e aínda que hai cousas que non están de acordo, o si que hai outras que son bastante boas ideas, polo que comunican que este vindeiro mércores terán unha reunión cos técnicos a que poden asistir todos os grupos.

O Sr. Vázquez Troitiño quere felicitar o B.N.G. por este traballo que consideran que esta moi ben feito e que non poden opinar o mesmo da do grupo de PP que despois de pedir a documentación varias veces, entregaselle un plano con liñas pero sen costes.

O Sr. Muíños Pumar di que o seu grupo acepta e respeta o traballo, entenden moi ben feito polo BNG e pode ter matices que cambiar que deben analizar os técnicos

O Sr. Augusto Martinez di que a base non será o traballo do BNG, senón que a base será o realizado polo grupo municipal do P.P.

A continuación sometese a proposta do B.N.G. a votación resultando aprobada cos votos a favor do contra do grupo Gañamos (3), do P.S.deG.-P.S.O.E (2) e B.N.G. (1), e coa abstención do P.P. (8).

7. Resolúcións Alcaldía.

Dáse por realizado o trámite.

8. Comunicacions de Alcaldía.

O Alcalde comunica que o día 4 de novembro, as 10,30 da mañán, ven o director de administración públicas para tratar o tema da área metropolitana.

A Concelleira Alonso Cebreiro recorda que o día 25.11 é o día contra a violencia de xenero, polo que a principio de mes pasará unha proposta de actividades.

9. Mocións:

9.1. Moción do grupo municipal GañaMos Asamblea Veciñal en relación á Serra do Galiñeiro.

Na comisión informativa de urbanismo e medio ambiente, celebrada 16 de outubro de 2015, ditaminouse a moción pola que propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

“A Consellería de Industria mantén no Galiñeiro a oferta a concurso público para a instalación dun parque eólico e no seu solo tamén se contempla a posibilidade de abrir explotacións mineiras a ceo aberto. Os veciños de Erville serían os máis afectados por estas actividades industriais, que cambiarían para sempre o uso do seu solo forestal, tendo que sufrir a contaminación ambiental, acústica e visual que estas actividades provocan.

Non cremos na rendabilidade destas actividades que explotarían os nosos recursos, deixando a Serra inservible para outro tipo de actividades a longo prazo.

Os recursos naturais e o patrimonio cultural que teñen os veciños de Erville son a mellor opción para un futuro sostible e saudable. A posta en valor destes recursos, xunto a unha formación profesional axeitada, dará como resultado un tecido empresarial que preste servizos ás actividades de ocio e deporte na natureza. Ao mesmo tempo, a revalorización dos aspectos culturais ampliaría a oferta turística da área máis poboada de Galiza.

A medio camiño entre O Porriño e Mós, Erville é un lugar maravilloso para vivir. Pola súa cercanía ao campus universitario de Vigo supón unha zona de esparcemento e podería ofrecer moitos máis servizos á comunidade universitaria. As necesidades neste sector veríanse incrementadas se a Serra do Galiñeiro fose declarada Parque Natural.

Tendo en conta que a declaración de Parque Natural sería a mellor opción de futuro para Erville e os mosenses en xeral, GañaMos


REALIZA AS SEGUINTE PROPOSTAS DE ACORDO:

- *Que o Concello de Mos inicie os trámites necesarios para declarar a parte mosense da Serra do Galiñeiro como ENIL (Espazo Natural de Interese Local).*
- *Que en colaboración coa Plataforma pola protección da Serra do Galiñeiro se informe aos veciños -especialmente aos de Erville e Cela- sobre a riqueza que supón o patrimonio natural e cultural que ten a Serra do Galiñeiro.*
- *Que se facilite o traballo de todas as entidades que conforman a plataforma co fin de conseguir o seu principal obxectivo:*

A declaración de Parque Natural para toda a serra do Serra do Galiñeiro..”

Explica a moción o concelleiro Rodríguez Dasilva e abrese a quenda de intervencións o Sr. Muíños Pumar, di que sobre este tema xa houbo un acordo unanime de todas as forzas políticas, polo que consideran que non ten sentido volver sobre o mesmo tema, cando nin siquiera os veciños parece que están de acordo coa moción.

O Sr. Aldea Moscoso manifesta que estan a favor de que o Galiñeiro sexa parque natural, pidelle que se lle transmitan a Asociación os correos electronicos por si os perderon xa que antes comunicábanse e traballaban con eles; e sobre que, algúns corporativos, non sabían que se fixera este traballo fai dous anos e que o mínimo é saber o que hía cando se



presenta as eleccións; sobre os veciños que están en contra igual hai que facer unha labor pedagoxica e explicar o que é bo e que é o malo.

O Sr. Augusto Martínez di que no seu momento se fixo o que se pudo e que agora non van ser un atranco polo que se absterán .

O Sr. Rodríguez Dasilva remata dicindo que o que queren transmitir que o problema esta ahí e que a plataforma sigue traballando.

Non habendo mais intervencións, o Sr. Alcalde en funcións somete a moción a votación, por maioría co voto afirmativo do grupo municipal GañaMos (3), do P.S.deG.-P.S.O.E (3) e do B.N.G. (1), e a abstención do grupo municipal do Partido Popular(8) e do P.S.deG.-P.S.O.E (2) .

9.2. Moción do grupo municipal GañaMos Asemblea Veciñal relativa ás axudas aos alumnos/as de educación primaria para que os/as nenos/as das familias que o precisen economicamente poidan realizar actividades extraescolares de inglés e informática de forma gratuíta

Na comisión informativa de Educación, participación cidadá e mobilidade, celebrada 22 de outubro de 2015, ditaminouse a moción pola que propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

“Sabido é da importancia de acadar, dentro da formación educativa capacidades altas nas áreas de Inglés e Informática e que o actual sistema educativo oficial non garante precisamente altas competencias nestas disciplinas. De aí que moitas familias completen a formación dos nen@s con ensino fora do horario escolar, nestes campos con Actividade extraescolares cun coste adicional para os alumn@s, máis as familias con dificultades económicas non poderán facer isto co que eses nen@s levarán dende Primaria un déficit que repercutirá no seu futuro; sabido é que aínda hai familias sen acceso domiciliario ás TIC.

Consideramos:

Que o Concello de Mos ten que suplir eses déficits formativos para que as familias que o precisen poidan completar a formación dos escolares a través das Actividade Extraescolares que organizan as ANPAS, sen discriminación económica; e esta necesidade sobre o Inglés xa foi expresada polas ANPAS no curso pasado.

Que os Servizos Sociais do Concello poden detectar estas familias do mesmo xeito que se ten feito para outros aspectos tal como sucede coas Axudas para o Comedor Escolar, etc

POLO TANTO PRESENTAMOS AS SEGUINTE PROPOSTA PARA SER ACORDADA NO PRÓXIMO PLENO:

Que se convoquen, en breve , por parte do concello de Mos, axudas aos alumn@s de educación primaria para que os nen@s das familias que o precisen economicamente poidan realizar actividades extraescolares de inglés e informática de forma gratuíta.”

O Sr. Vázquez Troitiño explica a moción que está baseada na necesidade de, no día de hoxe, ter amplos coñecementos de ingles e informatica, e que hai moitas familias que non poden permitirse eses gastos.

O Sr. Muiños Pumar di que o seu grupo esta de acordo coa moción pero querrían que se englobaran mais materias a ser posible.

O Sr. Aldea Moscoso explica que non ve claro este tema xa que aínda que a base esta ben; consideran que non é bo restrinxir a unhas determinadas pensan que sería bo axudas para actividades extraescolares en xeral a familias con problemas.

A Sra. Monzón Otero que o seu grupo vai votar en contra xa que consideran que non son profesionais capacitados para decidir en que materias se deben recibir as actividades extraescolares, que a materia de ingles esta incluída nas materia troncales e non teñen mais déficit que en outras materias; que estan tratando temas transversais que serían competencia local con que complementar a educación como son seguridade vial, crecemento persoal, sexualidade, etc. e que estan levando aos centros tecnicas de estudio e de motivación, que pretenden sacar unha liña de axudas para o ano que ven pero sempre consensuada con servizos sociais e o equipo educativo.

Durante a intervención da concelleira, o Presidente en funcións advirte varias veces a un señor do público, ao que se refire como Ivo, que non interrumpa.


A Sra. Cebreiro Alonso dille ao grupo GañaMos que é una pena que non cambien a moción e non limitala solo a ingles ou informatica, e sacar para unha liña de axudas pero sen fixar a actividade que se poida elixir.

O Sr. Vázquez Troitiño di que os fillo dos ricos van a colexios como o Castro ou os Sauces porque dan clases de ingles e acaban a primaria cun alto nivel de ingles e que o programa abalar que poñía informatización en todos os colexios foi suspendido pola xunta de Galicia hai 4 anos; que consideran que no mundo actual estas duas materias son esenciais.

A Sra. Monzón Otero di que todos os colexios de Mos están traballando co programa Avalar que se pode pedir mais material pero xa se está traballando co programa.

O Sr. Vazquez Troitiño di que non critica o traballo dos colexios publicos de Mos senón que hai un desfase na formación actual no sistema publico nestes dous campos que pensan que se pode suplir polo Concello.

Tras o debate, o Alcalde en funcións somete a moción a votación quedando rexeitada por maioría, cos votos en contra do grupo municipal do Partido Popular (8) e a favor do grupo municipal GañaMos (3) e do do P.S.deG.-P.S.O.E (2) e abstención do B.N.G. (1).



7.3. Moción do grupo municipal GañaMos Asemblea relativa ao funcionamento máis eficiente do Concello de Mos e redución de custos dos políticos.

Na comisión informativa de Facenda e contratación, celebrada 22 de outubro de 2015, ditaminouse a moción pola que propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

“O Concello de Mos é o 2º mais endeudado de Pontevedra e ocupa o nº 23 de todo o Estado Español en morosidade para pagar aos provedores (máis de 186 días) polo que a búsqueda dunha xestión eficiente (acadar obxectivos ao mínimo coste) neste concello resulta imprescindible.

Un dos aspectos máis chamativos do elevado gasto que supón os cargos políticos está relacionado coa composición, frecuencia e duración das Comisións Informativas.

A composición ven dada para respectar a proporcionalidade dos resultados electorais polo que foi preciso que fora composta por 10 membros, mais dado que o voto nestas comisións non ten valor decisorio até o pleno e que en todo caso isto podería resolverse instaurando o voto ponderado como se fai noutros concellos, de tal xeito que cada concelleiro representa os votos dos componentes do seu grupo; pero só cobra 1 por cada un dos 4 grupos políticos representados.

Os temas a tratar polas comisións, na maioría dos casos son comunicados do responsabel da Concellalía respectiva e non se modifica nada porque a decisión xa ten tomada o Goberno ao ter maioría absoluta. A pesares de iso a Equipo de Goberno convoca continuamente Comisións Informativas así no mes de setembro celebráronse 11. O plantexamento actual provoca un gasto desproporcionado do Concello en cargos políticos que contribúe a escasa inversión nas áreas que significan unha melloría na calidade de vida dos veciñ@s; así dase a paradoxa de que se gasta máis no pago aos asistentes que nos programas que se presentan na comisión; Esta proliferación de Comisións fai que cada unha destas teña escaso contido e apenas dure 30 minutos; Estas 11 comisións supuxeron un gasto total de 4.665 € para o Concello e cobro de 110 € por hora para cada membro asistente e 230 para o presidente sen exclusiva.

Se estas Comisións Informativas fosen 4 como no seu día xa propuxo GañaMos (Urbanismo e medio Ambiente e Servizos Públicos; Facenda, Economía, Emprego e Persoal; Reclamacións e Participación cidadana e Asuntos Xerais que abarcaría o resto das áreas). Se ademais se celebrasen como norma xeral 1 cada mes e se instaurara o voto ponderado co cobro dun só componente por grupo político o coste reduciríase drásticamente e sería inferior a 1000€ mensuais sen que se perdese a súa función e eficacia.

POLO TANTO: Dado que o plantexamento actual das Comisións Informativas resulta un despilfarro descarado por parte do Goberno de Mos.

GañaMos propon PARA QUE SE ACORDE NO PROXIMO PLENO as seguintes propostas, a ser posíbel votadas por separado:

- 1) Redución do nº de Comisións informativas do Concello de Mos a 4.*
- 2) Instaurar o voto ponderado para respectar a proporcionalidade podendo todos asistir os concelleiros nomeados pero só cobrando 1 por grupo político.*

3) *Celebración dunha comisión informativa ao mes como máximo a menos que exista motivación fundamentada de urxencia.*”

Unha vez explicada a moción por o Sr. Vázquez Troitiño, intervén o Sr. Muiños Pumar e di que se leva con este tema desde o principio da lexislatura que todos teñan dereito a cobrar ou non cobrar e xa vista esta moción, propón que non cobre nadie.

O Sr. Aldea Moscoso manifesta a seu apoio a proposta.

Pola Presidencia preguntáselle ao Secretario cantas dedicacións exclusivas pode haber neste Concello.

Responde que como máximo sete.

A continuación o presidente di que como aínda teñen posibilidade de poñer dúas mais se poden repartir nos catro membros do grupo do goberno que están sen dedicación polo que cobraría o grupo de goberno e a oposición quedaría sen cobrar. Explica que o que se retribúe por asistencia a unha comisión non é solo por aistir senón polo traballo de todo mes; e se algún membro da corporación quere renunciar a cobrar que presente un escrito ou que lle entregue a algunha ONG pero que el non vai traballar gratis.

Ao remate da súa intervención, o Presidente expulsa do salón de sesión a un señor do público e dille a policía que se hai algún insulto hacia súa persoa que lle tomen nota de nome de D.N.I.

O Sr. Rodríguez Alonso di que tamén poden poñer media dedicación todos do goberno E que na última comisión informativa cando el interviu xa se empezou a levantar grupo de goberno o primeiro o Sr. Camilo e pide respecto.


Explica o Sr. Augusto Martínez que se ausentou en Rogos e Pregunta e foi a atender un veciño que xa levaba tempo esperando. E sobre a moción di que ser concelleiro leva un traballo polo que se ten un complemento.

O Sr. Vázquez Troitiño di que non van a renunciar a cobrar senón que xa decidirán eles a quen llo dan xa que non se fan do goberno nin como os distribuirían. Sobre a preparación das comisións se algun a leva preparado é o presidente, e quen lle prepara ese traballo son os funcionarios; que nas comisións informativas e na Xunta de Goberno están os que non teñen dedicación que serían os que tiñan que estar por ser os máis informados pero non poderían cobrar, iso é a realidade un despilfarro e para facer caixa.

O Sr. Augusto Martínez di que non diga mentiras xa que as comisións informativas están presididas tanto por membros do goberno con dedicación ou non.

O Sr. Vázquez Troitiño contesta que en todas as comisións informativas e xunta de goberno están todos os que non teñen dedicación exclusiva.

Tras o debate sométese a votación quedando rexeitada moción cos votos negativos do grupo municipal municipal do P.P. (8) e voto afirmativo de Gañamos (3) e do B.N.G. (1) e coa abstención do grupo do P.S.de G.-P.S.O.E (3)



10. Rogos e preguntas.

Abre a quenda o **Sr. Vázquez Troitiño**, preguntalle a concelleira responsable de mobilidade como vai o trámite de solicitar que oes nenos que están amenos de 2 km do centro escolar se lle facilite.

Responde a concelleira Sr. Monzón Otero, que falou co xefe de transportes de Pontevedra que íban a denegar as paradas porque non cumplan e agora vaino co xefe territorial de educación para ver si se podía tratar este tema no gabinete superior.

Pregunta como vai o tema das lanzadeiras.

Responde o Sr. Augusto Martínez que están en contacto con mobilidade.

Requirelle ao secretario se fixo o informe xurídico sobre a legalidade de facer os plenos fora dunha instalación municipal.

Contesta o secretario dicindo que o seu informe se emite exclusivamente ao ROM polo que se poderían facer fora das dependencias municipais sempre que este xustifico.

Roga que se faga un Plan para evitar os vertedoiros incontrolados no futuro.

Roga que o departamento de urbanismo ten que revisar con licencias caducadas, que se controle si se cumpren a normativa. Urbanística.

Roga que as prazas para o curso de Surf que non sexan limitadas para os nenos de programas sociais.

Roga que se revisen os proxectos que veñan de outras administración se revisen xa que na obra que a Deputación esta facendo no Rebullón parece que non pon recollida de pluviais na parte de arriba nin paso para distintas cables.

O Sr. Rodríguez Dasilva pregunta si é certo que o Concello colaborou co Circo que estivo este fin de semana en Sanguñeda, xa que o pon no cartel e ten o escudo e si se trouxo, no que vai de ano, algunha moción en defensa dos animais.

Contesta concelleira delegada de medio ambiente a Sra. Loureiro Campo, que no pero de todas maneiras tería que haber unha ordenanza que regulara este tema.

Pregunta que pasa coa depuradora de Herville.

Responde o Sr. Augusto Martínez é responsabilidade do Consorcio, agora faise pequena polo que pretenden anulala e conectar no tramo de Mosende.

Di que o que pide á concelleira de medio ambiente a documentación que falta no expediente de autorización de verquido.

Pregunta a concelleira de urbanismo sobre unha infracción en Tameiga donde hai unha resolución de reposición urbanística.

Contesta a concelleira que o verá elle responderá.

Pregunta sobre o informe que se lle pedía a Xunta, dos costes que supoñía para os veciños de Mos acudir ao Alvaro Cunqueiro.

Responde o Alcalde en funcións, que non chegou nada.

A Sra. Giráldez Leirós sobre as resolucións pax. 295-299, pregunta sobre as adxudicación nos obradoiros si se tratan de adxudicación directa ou si ten que ir a concursos.

Responde o interventor que en principio ao ser contrato menores non se esixe ningún tipo de licitación pero se recomenda que cando o importe sexa considerable se pidan tres ofertas e se faga unha adxudicación e está facendo así.

Roga que o concello se poña en contacto coa Deputación para que tamen haxa un punto de saída tamén de Mos para a marcha contra a violencia machista.

Roga que se actualice o inventario dos bens municipais xa que, por exemplo, a sede da policía local, esta como escola, etc.

Contesta o concelleiro de patrimonio que o está facendo Deputación.

Comunica que hai un niño de avespas na Capela de Petelos, que xa estiveron a velo pero non fixeron nada.

Roga que no ximnasio debería haber un monitor que te oriente nos exercicio.

Responde o Sr. Mende Lago que esta traballano para conseguir contratar un monitor.

O Sr. Rodriguez Dasilva quere aclarar que os veciños de Puxeiros dicen que non se falou con eles o tema de zona azul.

A Sra. Pérez Ucha pregunta si os camiños solo se limpan por donde pasa os autobuses escolares, xa que hai camiños, en Louredo, que fai moito tempo que non se limpian.

Responde o Sr. Pérez Rodriguez que ten coñecemento que quedaron un par de camiños sin limpar pero normalmente limpiase todos.

Sobre o pintado do camiño nas proximidades do Colexio O Castro International, responde o Alcalde en funcións, que estan esperando que rematen as obras.

O Sr. Muñíos Pumar quere seguir insistindo no alumbrado da entrada do poligono de Vegiadaña a ver si funciona xa de unha vez.

Insistir tamén no camiño de Merouces que segue sen arranxar e se vai destrozarse total.

Roga que se busque solucións para os cadros electricos (poñerlle unha porta de metacrilato, etc.) xa que hai varios que estan ao alcance de nenos e pode haber algun accidente.

Pregunta polo paso de Torroso si esta aprobado en Deputación.
Responde o sr. Méndez Lago que estaban xerando difeiro para poder facelo.

O Sr. Aldea Moscoso, di que as canastas, na actividade de baloncesto, no colexio de Atin esta moi altas para os rapaces pequenos.

Roga que se comprobe si os focos de Panelfa, subindo de Peinador , te deslumbran.

Comunica que en San Cosme aparecen cabalos soltos.

Comunica que na casa de Celso segue rota a arqueta.

Na pista de skate que as normas de utilización que se amplien xa que son pequenas.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Alcaldesa, levanta a sesión sendo as doce horas doce minutos do vinte e seis de outubro de dous mil quince, estendéndose a presente acta da que como secretario dou fe.

O Alcalde P.D.,

Alberto Méndez Lago

O Secretario Acctal.,

Víctor Rodríguez Pérez